

XORNADA: EMPRENDEMENTO FEMININO

“Somos mulleres, somos emprendedoras, somos economía social”

26 de setembro de 2023 | 10 – 14 h. | Santiago de Compostela

[COMPOSTELA MÓVESE 2023]

Actividade dentro do programa “Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social”

Concello de Santiago de Compostela – Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop

Data e horario

- Martes 26 de setembro de 2023
- De 10 a 14 h.

Lugar

Cersía Empresa – Aula 1
Alcalde Raimundo López Pol s/n
Santiago de Compostela

Organiza e coordina

Unión de Cooperativas EspazoCoop
981 57 55 78 - www.espazo.coop

[Presentación]

A Xornada de Emprendemento Feminino “Somos mulleres, somos emprendedoras, somos economía social” é unha actividade do programa de colaboración que EspazoCoop realiza co Concello de Santiago de Compostela durante 2023.

Busca dar a coñecer as oportunidades que ofrece o sector da economía social, fundamentalmente o cooperativismo, para os emprendementos que realizan as mulleres, debido ao seu carácter participativo, de recoñecemento da diversidade e de defensa da equidade.

Esta dirixida especialmente a mulleres emprendedoras, a entidades prescritoras que prestan servizos de apoio en procesos de emprendemento, e a calquera persoa

interesada en achegarse a iniciativas empresariais protagonizadas por mulleres, no marco da economía social, e especialmente do cooperativismo.

Os **obxectivos** da actividade son:

- Dar a coñecer as vantaxes e potencialidades da cooperativa para fomentar o emprendemento feminino.
- Identificar sectores de actividade con potencialidade emprendedora, no ámbito do municipio de Santiago de Compostela.
- Coñecer boas prácticas de emprendemento feminino na economía social.
- Xerar un espazo de networking que favoreza o coñecemento mutuo e a identificación de intereses que poida ser semente para procesos de creación e intercooperación baixo fórmulas da economía social.



Programa 'Emprendemento Feminino'

10.00 h. Benvida institucional e presentación

■ **María Rozas Pérez.** Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude. Primeira Tenenta de Alcaldesa, Concello de Santiago de Compostela.

■ **Ana Olveira Blanco.** Presidenta da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

10.30 h. Potencialidades da cooperativa para o emprendemento feminino

Ana Olveira Blanco. Abeluria S. Coop. Galega.

11.15 h. Presentámonos compartindo un Café

11.45 h. Experiencias: emprendemento feminino

Dinamiza: Mar Pernas. Técnica de EspazoCoop.

■ **Comunidade Creativa S. Coop. Galega.**
Potenciar a mulleres creativas de xeito colectivo.

■ **7 H Cooperativa Cultural S. Coop. Galega.**
Rachando estereotipos.

■ **Flying Fun S. Coop. Galega.**
Actividades para achegarse ao inglés.

■ **Arabías S. Coop. Galega.**
Fomentando a igualdade.

■ **O Cable Inglés S. Coop. Galega.**
Comunicación e proxectos.

13.15 h. Networking. Posta en común de intereses das participantes.

14.00 h. Fin da Xornada.

Destinatarias

De forma preferente a Xornada está destinada a :

- Mulleres interesadas en emprender, e traballar en equipo a través da fórmula cooperativa.
- Persoas e entidades prescritoras e prestadoras de servizos de apoio ao emprendemento, fundamentalmente pertencentes á comarca de Santiago de Compostela.
- Tecido social, asociativo e da economía social de Santiago de Compostela e cidadanía en xeral.

Inscripción e información

Inscripción: a través do seguinte formulario en liña
[preme aquí](#)

Información: Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop
687 324 784 – ramon@espazo.coop